
Nova actualización de Cambridge Structural Database (CSD)

- Actualizado (22.09.2009)

O día 22 de Setembro de 2009, instalouse a actualización de Setembro de 2009 da base de datos do CSD, contendo 11207 novas estruturas, o que supón un total de 494228 entradas na base de datos.

A Cambridge Structural Database é unha base de datos que recolle información bibliográfica, química e cristalográfica de compostos orgánicos e organometálicos obtida mediante difracción de raios X e difracción de neutróns.

Usuarios habituais: Químicos inorgánicos, orgánicos e teóricos.

Usuarios potenciais: Químicos e físicos, que traballen en síntese, ou caracterización de estruturas moleculares e necesiten comparar con estruturas identificadas en bibliografía.

Información adicional: visite <http://www.ccdc.cam.ac.uk/products/csd>

Máquina de acceso: svgd.cesga.es

GUIA DE USO:

A completa guía de uso, así como información adicional sobre este software, pódese atopar na páxina oficial do Cesga (<http://www.cesga.es>) baixo Computación > Aplicacións > Bases de Datos Científicas > CSD ou directamente na seguinte URL:

http://www.cesga.es/php/mais_info_es.php?id=48

Se se quere coñecer o contido da nova actualización, no programa ConQuest (comando cq), selecciónense as opcións View

Databases > Entries in CSD version 5.30 (November 2008) ou View Databases > Entries in CSD version 5.30 updates.

Ante calquer problema co programa ou a actualización, non dubide en poñerse en contacto connosco a través de aplicacions@cesga.es, indicando no asunto "Erro en CSD".